



CONSELLOS PARA SER UNHA PARELLA LINGÜÍSTICA FELIZ 😊

Participar en Elos pode ser un bo xeito de empezar unha amizade pero, cando menos, debe ser unha fórmula agradable de transmitir e adquirir a lingua. Os intereses comúns farán máis fluídos os encontros, facilitarán a conversa e converterán en máis significativa calquera aprendizaxe.

Con estes consellos queremos axudar a que sexa máis fácil e proveitosa esa transmisión e suxerir tamén algunhas opcións para enriquecela.

Para quen fala galego:

- Aínda que ás veces non o pareza, recorda que estás a falar con alguén que non domina completamente o teu idioma; se non fose así, probablemente non estariades formando esta feliz parella.
- Acórdate de vocalizar ben e ten conta de non falar demasiado rápido (necesitamos tempo para procesar a información, máis aínda se é nunha lingua que estamos a aprender). Tampouco é preciso que fagas o típico de falar tan amodo que outra persoa acabe adormecendo. Quen está a aprender probablemente fale máis amodo, claro, está a aprender!!
- O noso idioma, coma todos, ten moitas variantes e sinónimos. Isto pode dar moito xogo nas conversas pero tamén llo pode poñer difícil para quen se achega por primeira vez. Facilítalle as cousas a quen ten a vontade de aprender.
- Non fagas tampouco un uso desleixado da lingua. A sinxeleza non quita a corrección. É moi habitual usar castelanismos nas formas verbais, na colocación dos pronomes... E son cousas especialmente difíciles, que só se interiorizan escoitando un bo modelo (que, neste caso, vas ser ti) Por se tes dúbidas, lembra que hai ferramentas en liña e de acceso gratuíto onde consultar. Bota un ollo por aquí:
<http://delingua.santiagodecompostela.gal/recursos>
- A linguaxe corporal axuda a comunicar e iso importa máis aínda cando non dominas ben a lingua da persoa interlocutora. Transmite con todo o corpo e, sobre todo, mira directamente a outra persoa cando esteas a falar.
- Unha conversa vai, precisamente, de falaren todas as persoas que participan nela. Se tes moita leria, deixa de chupar micro e comparte. A práctica inclúe tanto escoitar como falar.
- Practica a escoita activa. Atende ao que che están dicindo e que se note. Asinte coa cabeza, cos ollos, coa voz, pregunta, interésate...
- A túa colaboración tamén pode ser útil para mellorar a integración no noso contexto. Facilítalle información ou o camiño para acceder a ela e teredes aínda máis temas para conversar.

Para quen quere aprender:

...Ningunha persoa na historia pasou do estado A: Non falar unha lingua, ao estado C: Falar ben unha lingua, sen un período intermedio B: Falar máis ou menos mal esa lingua.
Séchu Sende. “Instrucciones para empezar a hablar gallego” en *Made in Galiza*.

- Adquirir unha nova lingua ten moito de atreverse e non ter vergoña, de falar aínda que non sempre deamos coas palabras máis adecuadas ou atinemos coas regras da gramática. Avanzamos a forza de cometer erros.
- Procura ampliar todo o posible o contacto coa lingua e aproveita as ocasións cotiás para usar, ou cando menos escoitar, o galego en calquera variante e rexistro: pídelles ás persoas coas que te relacionas que che falen na nosa lingua.
- As TIC ou a oferta cultural son moi boas vías para aumentar o contacto coa lingua: podes escoitar música, ver películas, informarte, ler boas historias, ver tutoriais, acudir ao teatro e a outros eventos culturais... Para animarte a explorar, velaquí algunhas suxestións:
 - [Listas de música de Orgullo Galego](#)
 - [Youtubeiras](#)
 - [Cine galego](#)
 - [Biblioteca Virtual Galega](#)
 - [Medios de comunicación en galego](#)
- Non todo é escoitar, tamén hai que falar. Tes moito que contarlle á túa parella lingüística e seguro que lle vai interesar. A interacción con ela vai ir dándoche maior soltura nun contexto de confianza.
- Aínda que che falten palabras ou te decates dalgún erro, tira para diante e remata o que queres dicir. A comunicación xestual tamén axuda a que te fagas entender, non te preocupes. Ver que é posible a comunicación dá seguridade.
- Se xa superaches as primeiras etapas e consegues entender e facerte entender, toca agora ir mellorando. Pode ser útil preguntar ou buscar cada día a forma correcta de dicir unha ou dúas cousas e anotalas nun caderno para botarlle un ollo de cando en vez e que se vaian fixando.
- Existe material de consulta ou apoio accesible na rede. Non se trata de andares todo o día co dicionario ás voltas, pero telo localizado para cando teñas tempo non sobra. Suxerímosche que o poñas nos favoritos porque atoparás rapidamente os significados das palabras, as principais expresións en que se usan, e tamén a súa pronuncia ou, mesmo, as conxugacións dos verbos:
 - [Dicionario da Real Academia Galega](#)